

III. IDEAS EXPRESADAS NOS SEUS PRIMEIROS ESCRITOS

1. *A decadencia de Occidente*

Como dixemos antes, a idea da decadencia de Occidente estaba xeneralizada no pensamento da súa época, e máis concretamente, Vicente Risco tómaa de Friedrich Nietzsche para desenvolvela no seu ensaio *Las tinieblas de Occidente*, despois de anticipala nos seus primeiros artigos periodísticos. Se ben é verdade que en *El Miño* tan só menciona a decadencia concreta de Occidente comentando ó xornalista Antonio Zozaya y You, o caso é que ó longo dos seus artigos fala en repetidas ocasións da decadencia do mundo, mesmo o seu acabamento, e pola outra banda, dos relevos nas culturas a propósito da xaponesa e chinesa en declive, fronte á aria (India) en auxe (v. Risco, 1997: 325, 377, 399, 423). Neste sentido é moi significativo o valor que lle dá á poesía mística de Rabindranath Tagore, representativa do máis puro sentir hindú no medio do colonialismo embrutecedor inglés. Este espírito pode, non só vencer a vulgaridade europeizante na India, senón mesmo axudar a salvar a Europa mesma do seu afundimento (V. Risco, 1913: 27).

Na súa reflexión non hai nada aínda de Oswald Spengler, a quen si seguirá fielmente en escritos posteriores á lectura da súa obra. Ata entón, a idea dunha Europa que se desmorona cobra sentido total no contexto da Gran Guerra, onde o "instinto gregario" do europeo se deu a coñecer en toda a súa crueza:

Sólo así pueden ser arrastrados tantos millones de hombres a una carnicería tan horrible, tan vergonzosa, como esa gran guerra del siglo XX, magnífica fiesta de sangre ofrecida al nuevo Dios, al monstruo superorgánico... (V. Risco, 1990: 109).

Só a submisión do individuo ó Estado e o mercantilismo orixinaron esta guerra. Risco nega como fantasías outras explicacións dadas polos seus contemporáneos, como foi a da loita do latinismo coa barbarie xermánica. Exemplo disto témolo en Eugenio D'Ors, que en *Tina i la Guerra Gran* (1914) -obra de tese motivada pola Primeira Guerra, considerada esta como provocación da historia contra a cultura-, entende o conflito europeo como unha guerra civil nun espazo común, sometido á pugna

entre latinismo e xermamismo, e decide adoptar unha posición de *neutralidade activa*. O estouro da guerra parece, finalmente, na visión da decadencia que ofrece Risco, anunciar a chegada da apocalipse futura:

Acaso la guerra es la primera convulsión del cataclismo futuro, del diluvio humano, más espantable que el diluvio de las cosas, el diluvio de la ignorancia y de la barbarie que se anuncia para el año 2000 (V. Risco, 1990: 163).

Esta idea estaba sendo repetida tamén por autores da fin do século. O propio Risco cita neste sentido a Mallarmé, Péladan e Maeterlinck. Non podemos esquecer tampouco aquí a Ortega y Gasset, pois a súa tese de doutarmento, hoxe inatopable, versou sobre os terrores do ano 1000. De feito, en Risco, a inicial idea de decadencia do mundo ten moito de milenarismo.